



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: TÉCNICA CORPORAL

Segundo o Decreto 183/2001, do 19 de Xullo, polo que se establece o currículo do Grado superior dos ensinos de música, a materia de Técnica Corporal está repartida en dous cursos correspondentes a 1º e 2º de canto respectivamente.

Esta materia estará no CMUS de Vigo preferentemente ligada ás actividades a desenvolver na materia de Escena Lírica. Tendo en conta que tanto os obxectivos, contados, como os criterios de avaliación, terán un desenvolvemento progresivo en canto a súa dificultade ó longo dos dous cursos.

OBXECTIVOS:

- Adoptar unha posición correcta do corpo nas actividades cotiás e relacionadas co instrumento.
- Coordinar os elementos físicos máis importantes na produción da voz (respiración , fonación e articulación)
- Crear hábitos de estudo que melloren a resolución de cuestións técnicas na interpretación
- Adestrar o corpo como instrumento actoral.
- Desenvolver as posibilidades expresivas e creativas en relación coa interpretación musical escénica.

CONTIDOS:

- Exercicios sobre a correcta posición do corpo e neutralización das tensións.
- Exercicios de coordinación dos seguintes elementos: fonética-dicción, vocal-dramático, emisión e estilo
- Exercicios de articulación, fraseo e afinación no contexto escénico.
- Traballo das posibilidades expresivas e creativas do propio corpo.
- Relación voz-corpo e as súas posibilidades expresivas



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: TÉCNICA CORPORAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Demostrar un coñecemento da correcta posición do corpo.
- Demostrar unha correcta colocación do corpo ao executar unha serie de movementos básicos relacionados coa interpretación
- Autocontrol: demostrar un grado de dominio no control dos elementos propios do canto dentro do feito escénico.
- Demostrar o coñecemento do personaxe no contexto da obra traballada durante o curso.
- Mostrar unha actitude de participación activa e coresponsable da montaxe escénico-vocal.

Todos estes criterios de avaliación mediranse mediante os seguintes sistemas:

- a observación da evolución de cada alumno ao longo do curso na execución dos exercicios descritos nos Contidos
- unha posible proba oral, se o profesor considéraseo conveniente, na que o alumno deberá expoñer e analizar os contidos traballados durante o curso e a relación dos mesmos no contexto das obras estudadas.